

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2022

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Simoes Couceiro

Concelleiros/as:

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

D^a Rocío Souto Torre

D. Luis Pena Mosquera

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontevedra, sendo as doce horas e cinco minutos do día dezasete de xaneiro de dous mil vinte e dous, xúntanse de xeito telemático, en sesión extraordinaria e urxente do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente en funcións, Don José Simoes Couceiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Secretaria:

Dna. Ana Ramos Ramos.

A Interventora:

Dna. Lucia Varela Martínez.

Non asiste:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE ACORDO

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 17-01-2022

Expediente: 2022/G006/000003

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno da Corporación o día 3-12-2021 respecto ao orzamento municipal para o 2022, cadro de persoal e límite de gasto non financeiro.

Logo de ver que dito acordo foi publicado no BOP do día 10-12-2021, no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pontevedra,



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



durante o prazo de 15 días hábiles para presentar as reclamacións que se estimasen pertinentes.

Logo de ver a alegación da Federación de Atención á Cidadanía do Sindicato U.S.O do día 31-12-2021 con número de rexistro de entrada 202190000001743.

Logo de ver o Informe da Intervención Municipal 1/2022 do día 12-01-2021

Considerando que é importante que o Concello comece a aplicar os orzamentos municipais do exercicio 2022.

É por isto que, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do día 17-01-2022 e a inclusión na orde do día da sesión do asunto:

- Aprobación definitiva do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Pontevedra para o exercicio 2022

En Pontevedra, documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde en funcións, don José Simoes Couceiro>>

O Presidente abre a quenda do debate.

Sen intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE dos presentes, o ACORDO seguinte**:

ÚNICO.- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do día 17-01-2022 e a inclusión na orde do día da sesión do asunto:

- Aprobación definitiva do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Pontevedra para o exercicio 2022

2.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCICIO 2022

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2022

Expediente TEdC: 2021/T004/000001



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto o acordo adoptado na sesión plenaria do 3/12/2021 respecto do orzamento municipal para 2022, cadro de persoal e límite de gasto non financeiro.

Visto que o dito acordo foi obxecto de publicación no BOP do 10/12/2021 para que durante o prazo de 15 días hábiles se presentasen as reclamacións que se estimasen pertinentes.

Visto o certificado de exposición ao público emitido pola secretaria municipal con data do 5/01/2022, no que se indica que:

“salvo erro ou omisión involuntaria, e segundo o informe do rexistro municipal do día 03.01.2022 o anuncio de “Aprobación inicial de gasto non financeiro do orzamento municipal e do cadro de persoal do concello de Pontedeume”; publicado Boletín oficial da Provincia núm 234 de 10.12.2021 estivo exposto ao público durante 15 días hábiles:

- No taboleiro de anuncios do Concello dende o 10.12.2021 ata o 31.12.2021 ambos inclusive.
- No taboleiro de anuncios da Sede electrónica dende o 10.12.2021 ao 31.12.2021 ambos inclusive.
- Revisado o Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume e salvo erro ou omisión consta presentada unha alegación por parte da Federación de Atención a la Ciudadanía do Sindicato U.S.O. O día 31 de decembro de 2021 co número de rexistro de entrada 20219000001743”

Visto o literal da dita alegación, que é o seguinte:

“(…) Que ha tenido conocimiento de que en la sesión celebrada el 03/12/2021 el Pleno de esa Corporación aprobó inicialmente el Presupuesto Municipal y el Cuadro de Personal para el ejercicio 2022 (BOP A Coruña núm. 234, de 10/12/2021), y que, por tanto, se encuentra en fase de exposición pública, formulo las siguientes:

ALEGACIONES

PRIMERA.- De acuerdo al artículo 162 y siguientes del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, la Unión Sindical Obrera (USO) reúne la condición de interesado en defensa de sus intereses propios, y está legitimada para la presentación de estas reclamaciones -art. 170.1 c)-

SEGUNDA.- Visto el Anexo de Personal del Presupuesto Municipal para el ejercicio 2022, luego de la aprobación definitiva de la Relación de Puestos de Trabajo (BOP A Coruña núm. 168, de 08/10/2020), es necesario: - Reducir la elevada temporalidad existente en la plantilla municipal. - Cubrir las plazas vacantes en el Cuadro de Personal. - Aumentar los efectivos en el Cuerpo de la Policía Local. - Proceder a un proceso de estabilización del empleo temporal.

TERCERA.- Por último, para prestar servicios de calidad al ciudadano lo más importante en una Administración próxima y cercana al vecino son los empleados públicos (funcionarios y personal laboral) de una Administración Local, siendo necesario fomentar la creación de empleo estable y la prestación de un servicio público y de calidad. Por todo lo anterior, formulo las presentes ALEGACIONES a la aprobación inicial del Presupuesto Municipal para el ejercicio 2022, porque es necesario reducir la elevada temporalidad, cubrir definitivamente las plazas vacantes, estabilizar a los empleados públicos temporales, y aumentar los efectivos del Cuerpo de la Policía Local”.

Visto o informe emitido pola intervención municipal de referencia 1/2022, de asunto: “Alegación presentada ao orzamento municipal de 2022”, no que se indica que: “(…) A reclamación presentada non pode entenderse en sentido estrito como tal, ao non estar incluídas en ningún dos motivos tasados regulados no artigo 170 do TRLFL, que se transcribe a continuación:

“1. A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:

- a) Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.
- b) Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.
- c) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



2. Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto:

- a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.
- b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.
- c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto”.

E conclúe que: “Polos motivos expostos no texto do informe, esta Intervención considera que as alegacións presentadas non teñen cabida entre os motivos de reclamación tasados no artigo 170.2 do TRLFL, sen prexuízo da emisión de informe xurídico, de ser o caso”.

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Inadmitir a trámite a alegación presentada por non atoparse entre os motivos de reclamación tasados no artigo 170.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o orzamento municipal para 2022, cadro de persoal e límite de gasto non financeiro, debendo procederse á súa publicación definitiva e remisión ao Estado e Xunta de Galicia; e, en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Asinado dixitalmente polo Alcalde en funcións, José Simoes Couceiro>>

Toma a palabra o Presidente don José Simoes Couceiro para indicar en síntese, que logo de ver a alegación que é igual que a presentada para o exercicio 2021 e o informe da Intervención Municipal estima que non se admita a trámite; lamenta que o único que fan é retrasar o expediente e a entrada en vigor do orzamento do exercicio 2022. A alegación non pode ser admitida tal como indica a Lei.

Toma a palabra don Luis Pena Mosquera (BNG) indicando que lles parece perfecto que os sindicatos ou calquera persoa participe do procedemento de audiencia pública, que non o consideran ningún atraso por seguir o procedemento legal establecido. Indica que o seu voto vai ser abstención, xa que non son os seus orzamentos, que poden estar de acordo nalgunhas alegacións co sindicato pero non son admitidas co informe da Intervención e así o acatamos.

Sen mais intervencións, sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (8): D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e do Grupo Municipal do PP (2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **2 ABSTENCIÓNS** do concelleiro e da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Inadmitir a trámite a alegación presentada por non atoparse entre os motivos de reclamación tasados no artigo 170.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o orzamento municipal para 2022, cadro de persoal e límite de gasto non financeiro, debendo procederse á súa publicación definitiva e remisión ao Estado e Xunta de Galicia; e, en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica



REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e trece minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do alcalde en funcións e da secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno do Concello celebrado o día 27.01.2022, segundo o borrador asinado o día 17.01.2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

